

# ESTATUTOS FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, M.P.

– VERSIÓN CONSOLIDADA –

*Última modificación aprobada por acordo do Pleno do Consello Social da  
Universidade de Santiago de Compostela, do 26 de xuño de 2024, previa proposta do Consello de  
Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, do 25 de xuño de 2024.*

HW3287808



FUNDACIÓN USC | M.P.

12/2023



Título I. Disposicións Xerais | Título II. Obxecto da Fundación | Título III. Regras básicas para a aplicación de recursos ao cumprimento dos fins fundacionais e para a determinación dos beneficiarios | Título IV. Goberno da Fundación. O padroado | Título V. Réxime económico | Título VI. Da modificación, fusión ou extinción.

### *Título I. Disposicións Xerais.*

#### **Artigo 1. Denominación e natureza.**

Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, constitúese como fundación de interese galego a «Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P.» (en adiante, a Fundación). O seu patrimonio estará afectado de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Fundación.

#### **Artigo 2. Personalidade e capacidade.**

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, por conseguinte, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

#### **Artigo 3. Réxime xurídico e condición de medio propio personificado.**

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

A Fundación rexeráse pola vontade dos seus fundadores, manifestada nos presentes estatutos, polos acordos que en interpretación e desenvolvemento daquela vontade estableza o padroado, pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e pola súa normativa de desenvolvemento, e polo artigo 63 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Do mesmo modo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, polo R.D. 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e demais lexislación que lle sexa aplicable.

A Fundación, no exercicio das súas competencias, integrará activamente a perspectiva de xénero, de acordo co establecido na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e demais normativa aplicable.

A Fundación ten a consideración de medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela, debendo asumir os encargos que esta lle ordene, sen que en ningún caso estes poidan implicar a atribución de potestades públicas ou o exercicio de funcións ou facultades suxeitas ao dereito administrativo.

Os encargos, que serán de execución obrigatoria para a Fundación, formalizaranse mediante resolución reitoral, de conformidade coas regras previstas no artigo 32 da Lei 9/2017, ou norma básica que o substitúa, e levaranse a cabo de conformidade coas instrucións que se diten. A Universidade poderá supervisar en calquera momento a correcta realización do obxecto do encargo.

Os encargos retribuiranse mediante tarifas aprobadas pola Universidade de Santiago de Compostela de conformidade cos seus estatutos e demais normas aplicables atendendo, en todo caso, ao custo efectivo soportado pola Fundación para as actividades obxecto de encargo que se subcontracten con empresarios particulares nos casos en que este custo sexa inferior ao resultante de aplicar as tarifas ás actividades subcontractadas. As tarifas calcularanse de maneira que representen os custos reais que se puideran derivar do encargo.

A Fundación non poderá participar en licitacións públicas convocadas pola Universidade de Santiago de Compostela sen prexulzo de que cando nunha determinada licitación non concorran ningún licitador se lle poida encargar á Fundación a execución da prestación obxecto desa licitación.

Así mesmo, a Fundación publicará na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e no perfil de contratante a súa condición de medio propio da Universidade de Santiago de Compostela indicando as actividades que, comprendidas dentro dos seus fins, pode executar no caso de ser obxecto de encargo.

A Fundación poderá participar en licitacións públicas convocadas por outros entes do sector público respecto dos que non teña a condición de medio propio personificado, así como subscribir contratos, acordos, convenios ou calquera outro documento de carácter contractual con outros suxeitos públicos ou privados.

#### **Artigo 4. Enderezo.**

O domicilio da Fundación fíxase na Avenida das Ciencias número 6, primeiro andar, Campus Sur, 15782, Santiago de Compostela. O padroado poderá establecer delegacións noutras localidades distintas ás anteriores.

#### **Artigo 5. Ámbito de actuación.**

A Fundación desenvolverá a súa actividade na Comunidade Autónoma galega sen prexulzo de poder acometer actuacións fóra de Galiza cando estas tiveran por obxecto a consecución de fins relacionados co seu obxecto fundacional.

### *Título II. Obxecto da Fundación.*

#### **Artigo 6. Fins.**

A Fundación ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela, así como das súas entidades vinculadas ou dependentes, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas.

A finalidade de interese xeral da Fundación poderase exercer ben por propia iniciativa, ben por medio dos encargos que a Universidade lle realice.

En particular, a Fundación ten como fins propios os seguintes:

1. Prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade.
2. Colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria.

HW3287809

12/2023

FUNDACIÓN **USC** | M.P.

3. Canalizar, a través dos instrumentos oportunos, a cooperación entre a Universidade, os axentes económicos e entidades e institucións de calquera natureza.
4. Promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural e deportiva.
5. Fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións.
6. Fomentar, promover, xestionar, organizar e prestar servizos relacionados coa actividade físico-deportiva, así como a realización de accións subordinadas, relacionadas ou accesorias a aquela, preferentemente na Comunidade Autónoma Galega.

#### Artigo 7. Actividades fundacionais.

1. Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior a Fundación poderá levar a cabo, con carácter enunciativo e non limitativo, as seguintes actividades:

- a) Xestionar os servizos para a realización de actividades físicas e deportivas da Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Xestionar os espazos en coordinación cos diferentes centros da Universidade de Santiago de Compostela.
- c) Xestionar actividades e servizos de carácter cultural, museístico, patrimonial ou social.
- d) Organizar conferencias, simposios, mesas redondas ou seminarios, cursos e calquera outro tipo de reunións sobre os temas propios dos seus obxectivos.
- e) Xestionar o servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela.
- f) Xestionar os servizos de reprografía, impresión dixital, material audiovisual e multimedia relacionados coa comunidade universitaria.
- g) Realizar actividades de promoción, explotación, comercialización e posicionamento da imaxe da marca «USC» xunto coa xestión de tendas.
- h) Xestionar a actividade instrumental de servizos informáticos externos da Universidade de Santiago de Compostela.
- i) Xestionar os servizos relacionados coas operacións e funcionamento dos edificios e infraestruturas de Universidade de Santiago de Compostela así como a súa explotación ou uso.

A realización das actividades anteriores respecto da Universidade de Santiago de Compostela esténdese tamén, no caso que sexa aplicable, ás que poidan desenvolverse no eido das súas entidades vinculadas ou dependentes.

2. Para a realización das actividades anteriores e para o cumprimento dos fins da Fundación sinalados no artigo anterior, esta poderá:

- a) Formalizar convenios ou acordos de colaboración ou intercambio con empresas, organismos e institucións, nacionais ou estranxeiras, así como participar nas citadas entidades cando así sexa preciso para a mellor consecución dos seus fins.
- b) Desenvolver modelos de colaboración e cooperación que contribúan á sostibilidade económica da Fundación e da Universidade de Santiago de Compostela.

- c) Subscribir contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento dos seus fins, incluídos os contratos de patrocinio que contribúan á sostibilidade económica e ao máximo aproveitamento das actividades da Fundación e da Universidade de Santiago de Compostela.
- d) Realizar as actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias destes.
- e) Recadar fondos, incluso recorrendo ao financiamento alleo, empregándoos no financiamento e promoción dos seus fins.
- f) Tramitar diante das administracións, institucións e outras entidades as correspondentes solicitudes de subvencións, axudas, así como a xestión de doazóns que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.
- g) En xeral, cantas actuacións sexan necesarias para a consecución dos fins que constitúen o obxecto da Fundación.

#### **Artigo 8. Liberdade de actuación.**

O padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xulzo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan as máis axeitadas ou convenientes para cada momento.

#### *Título III. Regras básicas para a aplicación de recursos ao cumprimento dos fins fundacionais e para a determinación dos beneficiarios.*

#### **Artigo 9. Destino das rendas e ingresos.**

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o setenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou as reservas segundo acordo adoptado polo padroado. Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación.

Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

#### **Artigo 10. Beneficiarios.**

Os beneficiarios directos dos servizos da Fundación serán, en xeral, todas as persoas naturais ou xurídicas que presten a súa actividade de modo habitual no Estado Español ou aquelas que, polo interese social, económico, académico ou investigador do seu traballo, poidan sêr merecedoras das prestacións da Fundación.

O acceso aos beneficios particulares estará rexido polos principios de mérito e capacidade, aténdose a este respecto, de maneira rigorosa, a criterios técnicos e obxectivos. A Fundación actuará con criterios de imparcialidade e non discriminación na determinación dos seus beneficiarios.

Ninguén poderá alegar perante a Fundación ou os seus órganos de goberno, ben sexa individual ou colectivamente, dereito particular algún ao goce dos seus beneficios, nin impoñer a súa atribución a persoas determinadas.

HW3287810

12/2023



FUNDACIÓN USC | M.P.



Ningún dos fundadores, representantes estatutarios, membros dos órganos de goberno, cónxuxes ou familiares ata o cuarto grao inclusive de calquera deles, poderán ser os destinatarios principais das actividades da Fundación nin beneficiarse das condicións especiais para utilizar os seus servizos, agás que a lexislación vixente así o autorizase.

#### *Título IV. Goberno da Fundación. O padroado.*

##### **Artigo 11. Natureza.**

O padroado é o máximo órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden de conformidade coa lexislación vixente e co establecido nos presentes estatutos.

##### **Artigo 12. Composición e organización.**

O padroado estará composto por un máximo de doce persoas e por un mínimo de tres. O primeiro padroado será o designado na escritura de constitución.

Son patróns natos:

- A persoa titular da reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, que o presidirá.
- A persoa titular da xerencia da Universidade de Santiago de Compostela.
- Unha persoa representante do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. A presidencia da Fundación corresponderá ao Sr./a. Reitor/a da Universidade de Santiago de Compostela e será vicepresidente/a a persoa titular da xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, que substituirá ao presidente/a en caso de ausencia ou enfermidade:

A secretaría da Fundación poderá ser elixida de entre os membros do padroado ou poderá ser designada polo/a presidente/a da Fundación, no caso de ser persoa allea ao mesmo. Neste último caso asistirá as reunións con voz mais sen voto.

O restantes membros do padroado serán designados:

- Pola USC, que poderá designar ata seis membros máis.
- No seu caso, polas entidades que se adhiran á Fundación, nun número nunca igual ou superior á representación da USC.

O padroado poderá nomear un/ha tesoureiro/a, que poderá ser membro do padroado ou persoa allea ao mesmo. A ser persoa allea ao mesmo, asistirá as reunións con voz mais sen voto.

A composición do padroado poderá modificarse por maioría dos dous terzos dos seus membros, en xunta extraordinaria convocada ao efecto. O acordo será comunicado ao Rexistro de Fundacións de Interese Galego para a inscrición no mesmo.

En caso de incapacidade para o desempeño das funcións ou falecemento da algún dos membros, procederase ao nomeamento dun novo. Esta designación será comunicada ao Rexistro de Fundacións para a súa inscrición no mesmo. A mesma previsión observarase con cantos novos membros se incorporaren no futuro á Fundación.

O padroado poderá nomear «patrón/oa de honra», aquelas persoas físicas ou xurídicas que contribúan de xeito salientábel para a consecución dos fins e obxectivos da Fundación.

**Artigo 13. Designación e duración do mandato.**

No seu caso, os membros do padroado que sexan persoas xurídicas deberán nomear a persoa ou persoas físicas que os representen, de acordo coas súas normas de funcionamento, os cales deberán deixar constancia da súa aceptación conforme á Lei de fundacións de interese galego.

Os membros non natos do padroado ostentarán a súa condición por seis anos, podendo ser substituídos polo mesmo procedemento empregado na súa designación.

**Artigo 14. Substitucións de patróns.**

O prazo para cubrir as vacantes será de seis meses desde que se produciren.

A substitución dos patróns comunicárase formalmente ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

**Artigo 15. Aceptación do cargo de patrón.**

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo.

Esta aceptación poderá constar no outorgamento da carta fundacional, en documento público independente, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, mediante comparecencia realizada ante o Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ou perante o padroado, acreditándose mediante certificación expedida pola secretaría.

A aceptación comunicárase formalmente ao protectorado para a súa inscrición no Rexistro de Fundacións.

**Artigo 16. Cesamento dos patróns.**

O cesamento dos patróns da Fundación producirase nos supostos seguintes:

- a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.
- b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei.
- c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padroado.
- d) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos de responsabilidade establecidos legalmente.
- e) Polo transcurso do prazo de seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen ter solicitado a inscrición no correspondente Rexistro de Fundacións.
- f) Polo transcurso do período do seu mandato se foren nomeados por un determinado tempo.
- g) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.
- h) Así mesmo, e en relación ao cesamento, os patróns designados pola presidencia do padroado, cesarán nos seus cargos por remoción acordada polo mesmo órgano.

A renuncia será efectiva desde o momento da súa toma de coñecemento polo órgano de goberno da Fundación. Os patróns e membros da Fundación deberán cumprir as obrigas pendentes con anterioridade á perda da condición de membro.

HW3287811

12/2023

FUNDACIÓN **USC** | M.P.

O cesamento dos patróns comunicarase formalmente ao protectorado e inscribirase no Rexistro de Fundacións.

#### **Artigo 17. O/a presidente/a.**

Ao/Á presidente/a corresponde exercer a representación da Fundación perante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocará as reunións do padroado, presidiráas, dirixirá os seus debates e, de ser o caso, executará os acordos, podendo para isto realizar toda a clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.

#### **Artigo 18. O/a vicepresidente/a.**

Corresponderá ao/á vicepresidente/a realizar as funcións do/a presidente/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da Fundación, por imposibilidade de actuación do/a presidente/a e naqueles supostos que así se determinaren por acordo do padroado.

Igualmente, o/a vicepresidente/a poderá exercer por delegación do presidente do padroado tódalas funcións que lle sexan legalmente delegables.

#### **Artigo 19. O/a secretario/a.**

Son funcións do/a secretario/a custodiar a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do padroado, expedir as certificacións e informes que fosen necesarios, e todas aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.

#### **Artigo 20. Facultades do padroado.**

Na súa actuación, o padroado deberase axustar ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos.

Corresponde ao padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.

É competencia do padroado o goberno, a representación e administración da Fundación, así como a modificación e interpretación dos presentes estatutos nos termos establecidos na lexislación vixente.

Con independencia das funcións que lle atribúen os presentes estatutos e sen prexuízo de solicitar, se for o caso, as preceptivas autorizacións ao protectorado, a título enunciativo, serán facultades do padroado:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- Interpretar e desenvolver os presentes estatutos, de ser o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñíbeis entre as finalidades da Fundación.
- Acordar a apertura e peche dos seus centros e delegacións.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.

- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- Delegar as súas facultades nun ou en máis patróns sen que poidan se obxecto de delegación:
  - A aprobación das contas anuais e do plano de actuación.
  - A alienación dos bens da Fundación.
  - A modificación dos estatutos.
  - O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
  - Calquera acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.

**Artigo 21. Reunións do padroado e convocatoria.**

O padroado reunirse, cando menos, dúas veces ao ano e tantas veces como fose necesario para o adecuado funcionamento da Fundación.

Corresponde ao/á presidente/a efectuar a correspondente convocatoria, quer sexa por iniciativa propia ou quer lle sexa solicitado, cando menos, polos 2/3 dos membros do padroado.

As reunións do padroado serán convocadas por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción, cunha antecedencia mínima de 5 días á súa celebración. Nesta convocatoria constará o lugar, data e hora da sesión, xuntándose, así mesmo, a orde do día.

Non obstante o prazo anteriormente sinalado, o padroado poderá ser convocado, de forma extraordinaria e con carácter de urxencia, cunha antecedencia mínima de corenta e oito horas á súa celebración. Esta convocatoria haberá de reunir os mesmos requisitos que os sinalados para as reunións ordinarias.

Así mesmo, non será necesaria a realización de convocatoria algunha, cando se encontraren presentes todos os patróns e acordaren, por unanimidade, a celebración da sesión.

**Artigo 22. Constitución do padroado e adopción de acordos.**

As reunións do padroado quedarán validamente constituídas cando concorreren, presentes ou representados, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen fixer as súas veces, e cando menos a metade máis un dos seus membros.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse por maioría dos asistentes, sendo dirimente en caso de empate o voto do/a presidente/a.

En todo o caso, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes, sempre que ademais iso supoña a maioría absoluta dos membros do padroado, para a aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión e á extinción da Fundación.

Das reunións do padroado levantarase polo/a secretario/a a correspondente acta, que deberá ser aprobada por tódolos membros presentes e aprobada na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a.

**Artigo 23. Dereitos e obrigas dos Patróns.**

Son dereitos dos membros do padroado:

HW3287812

12/2023



FUNDACIÓN USC | M.P.

- Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos de que fagan parte.
- Exercer o dereito de voto.
- Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

Son deberes dos membros do padroado:

- Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun/ha bo/a xestor/a.
- Acudir ás sesións a que sexan convocados, e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adoptaren.
- Realizar os actos necesarios para a inscrición da Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O padroado dará información suficiente dos fins e actividades da Fundación para seren coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

#### Artigo 24. Responsabilidades dos patróns.

Os patróns deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.

Os patróns responderán solidariamente perante a Fundación dos danos e perdas que causaren por actos contrarios á lei ou aos estatutos, así como polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. En todo o caso, ficarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo e aqueles que probaren que, non participando na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, cando menos, se opuxeron expresamente a aquel.

#### Artigo 25. Gratuidade do cargo de patrón.

Os Patróns exercerán o seu cargo sen que, en ningún caso, poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.

Os Patróns terán dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que incorresen por razón do desenvolvemento das súas funcións de membros do padroado.

#### Artigo 26. Comité executivo.

Crearase un Comité Executivo, integrado polos seguintes membros

- O/a vicepresidente/a da Fundación, que o presidirá.
- No seu caso, un patrón designado polo padroado de entre os representantes das entidades adheridas que fagan parte do padroado.
- Un patrón designado polo padroado de entre os representantes da Universidade de Santiago de Compostela.

Actuará como secretario/a o/a secretario/a da Fundación nas mesmas condicións que no padroado.

Formará parte do Comité Executivo como órgano técnico, o xerente da Fundación, con voz mais sen voto.

Este Comité Executivo exercerá por delegación do padroado todas as funcións de xestión e administración efectivas, que lle sexan delegadas, de cara a unha operatividade e adecuación do cumprimento dos acordos, programas e obxectivos do padroado.

Poderán asistir as reunións deste Comité Executivo como asesores, calquera membro do padroado ou alleos a este que sexan chamados polo/a seu/súa presidente/a.

**Artigo 27. Xerente/a da Fundación USC, M.P.**

O/a xerente/a realizará a xestión das actividades fundacionais e executará os acordos dos órganos da Fundación. Proporcionará asesoramento e apoio ao padroado no seu labor, asumindo a coordinación de actividades internas e externas, así como de cantas funcións se lle asignaren.

Será nomeado/a polo padroado, a proposta do/a presidente/a. Para desempeñar este cargo será condición non ostentar a calidade de membro do padroado, e posuír solvencia técnica acreditada

Requirido polo padroado, a/o xerente/a asistirá ás súas reunións, con voz mais sen voto.

**Artigo 28. Comités asesores e colaboradores da Fundación.**

O padroado poderá crear comités asesores, de estudo ou de traballo, así como órganos similares con funcións de apoio e asesoramento, para o mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

A creación destes órganos deberá ser notificado ao protectorado e inscrito no Rexistro de Fundacións.

A Fundación poderá contar tamén coa participación de colaboradores que cooperarán coa mesma mediante os convenios ou acordos que se asinen.

En concreto, serán colaboradores aquelas administracións, universidades ou Institucións Públicas que estean interesadas en participar nas actividades que a Fundación realice.

O réxime de colaboración formalizarase no respectivo convenio de colaboración. Tamén poderán adquirir a condición de colaboradora, aquelas persoas físicas ou xurídicas privadas, en que a súa actividade estea relacionada cos fins da Fundación.

A Fundación poderá subscribir con elas acordos ou convenios e convidar aos colaboradores a participar nos labores desenvolvidos por esta.

A adquisición da condición de colaborador farase efectiva por acordo expreso do padroado, que poderá delegar esta competencia no Comité Executivo.

*Título V. Réxime económico.*

**Artigo 29. Patrimonio fundacional.**

Farán parte do patrimonio da Fundación toda clase de bens, dereitos e obrigas, susceptibles de valoración económica que integren a dotación, ou aqueles que adquira a Fundación con

HW3287813

12/2023

FUNDACIÓN **USC** | M.P.

posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación, constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións.

O padroado promoverá, so a súa responsabilidade, a inscrición a nome da Fundación dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio nos rexistros públicos correspondentes.

#### **Artigo 30. Dotación fundacional.**

A dotación fundacional inicial, outorgada na súa totalidade pola Universidade de Santiago de Compostela, poderá ser complementada coas achegas sucesivas que se aporten para o mellor cumprimento dos fins fundacionais

#### **Artigo 31. Adscrición do patrimonio fundacional.**

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio da Fundación, así como as rendas que estes produzan e os ingresos que a Fundación poida obter, quedarán vinculados, de maneira directa e inmediata, ao cumprimento dos fins fundacionais.

#### **Artigo 32. Financiamento da Fundación.**

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos seguintes recursos:

- Os que, no seu caso, procedan do rendemento do seu patrimonio ou das axudas, subvencións ou doazóns que poida recibir de persoas ou entidades, públicas ou privadas.
- Os que procedan dos ingresos que orixinen as súas actividades e servizos.

#### **Artigo 33. Réxime financeiro.**

O exercicio económico coincidirá co ano natural.

A Fundación, ademais do Libro de Actas, levará necesariamente un Libro Diario e un Libro de Inventarios e Contas Anuais, e aqueloutros que se estimaren convenientes para a adecuada orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade.

Na xestión económica-financeira a Fundación rexerase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

#### **Artigo 34. Elaboración do plan de actuación e presentación das contas anuais.**

O padroado elaborará e remitirá ao protectorado nos últimos tres meses de cada exercicio un plan de actuación no que se conteñan os obxectivos e as actividades que se teña previsto desenvolver no exercicio seguinte.

O padroado, ou a persoa que designe, formulará as contas anuais que deberán ser aprobadas polo padroado no prazo de seis meses desde o pechamento do exercicio económico, e presentaranse perante o protectorado no prazo de vinte días hábiles seguintes á súa aprobación para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

As contas anuais, que comprenden balance, conta de resultados e memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados, e incorporará un inventario dos elementos patrimoniais da Fundación.

Ademais, incluírase na memoria as actividades fundacionais, as mudanzas no órgano de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plano de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que no seu caso se subscribisen con outras entidades para estes fins, así como o grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos.

Se a Fundación se encontrar dentro dos requisitos legais establecidos, os documentos anteriores someteranse a auditoría externa, remitindo ao protectorado o informe da mesma xunto coas contas anuais.

*Título VI. Da modificación, fusión ou extinción.*

**Artigo 35. Modificación estatutaria.**

Por acordo do padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que iso resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos na lexislación vixente. Procederase á dita modificación cando as circunstancias que presidiron á constitución da Fundación tivesen mudado de tal xeito que esta non poida actuar satisfactoriamente de conformidade cos estatutos en vigor.

Para a adopción de acordos de modificación será necesario o voto favorábel das dúas terceiras partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo padroado deberá ser comunicada ao protectorado, formalizada en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

**Artigo 36. Fusión con outra fundación.**

A Fundación poderase fusionar con outra ou outras, após o acordo dos respectivos padroados.

O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorábel das 2/3 partes dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.

A fusión requirirá comunicación ao protectorado, formalización en escritura pública e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

**Artigo 37. Extinción.**

A Fundación extinguirase polas causas e de acordo cos procedementos estabelecidos pola lexislación vixente.

**Artigo 38. Liquidación e adxudicación.**

A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación de acordo coa lei.

HW3287814

12/2023



FUNDACIÓN **USC** | M.P.

Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse á Universidade de Santiago de Compostela.



É COPIA LITERAL da súa matriz coa que concorda fielmente e onde queda anotada. Expídoa para a entidade comparecente en catorce folios da serie HW, números o presente e os trece anteriores. SANTIAGO DE COMPOSTELA, a vinte e dous de xullo de dous mil vinte e catro.. DOU FE.-



0291294055



A large, stylized handwritten signature in blue ink, written over the notary seals.